



CDR ANCARES, PROGRAMAS

3. INFANCIA

1) CONCILIA

PROBLEMÁTICA

En Cervantes hai moita dispersión poboacional (nos 139 pobos dos 276Km² que mide o concello hai 29 nenas e nenos en idade escolar) así como Infraestruturas e servizos públicos deficientes; os pais e nais teñen serios problemas para axudar as fillas e fillos na realización de tarefas escolares e na realización das actividades extraescolares. Estas teñen unha importancia capital por canto as/os nenas/os en idade escolar teñen graves problemas de illamento. É imprescindible o compromiso de pais e nais pero este programa pretende facilitarlles esta encomenda que moitas veces se lles fai moi complicada.

OBXECTIVO XERAL

Promover o desenvolvemento educativo e socio-familiar dos nenos e nenas, fundamentalmente a través de actividades educativas, culturais e de tempo libre, que fomenten hábitos de vida saudable , favorezan a participación infantil, inclusión e/ou axuden á sensibilización sobre os dereitos da infancia, así como facilitar o intercambio de información institucional que posibilite a mellora dos recursos destinados os nenos e nenas do medio rural e as súas familias, especialmente aqueles que se atopen en situación de vulnerabilidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN

Obxectivo	Indicador
Ofertar actividades educativas, culturais e de lecer os/as nenos/as que sofren exclusión territorial e/ou outros factores de exclusión social.	<ul style="list-style-type: none">Nº de nenos/as ós/ás cales se lle ofertan actividades educativas, culturais, e de ocio e tempo de lecer no medio rural.
Sensibilizar sobre os dereitos da infancia, tanto transversal como directamente, nas comunidades nas cales intervimos.	<ul style="list-style-type: none">Nº de actividades de sensibilización sobre os dereitos da infancia que se levan a cabo.



Fomentar a formación pedagóxica das familias e profesionais da educación do territorio para a promoción da parentalidade positiva.	<ul style="list-style-type: none">• Nº de familias do medio rural coas cales traballamos no fomento da parentalidade positiva.
Promover actividades de colaboración coas escolas dos territorios.	<ul style="list-style-type: none">• Nº de escolas coas cales se colabora.
Levar a cabo unha educación integral real e de calidade a través da transmisión de valores positivos.	<ul style="list-style-type: none">• % de persoas que se mostran satisfeitas na avaliación das actividades.
Fomentar a participación dos nenos/as activamente nas comunidades nas cales intervimos e as relacións interxeneracionais.	<ul style="list-style-type: none">• Nº de actividades que fomentan a participación dos nenos/as na comunidade.
Promover o coñecemento do territorio e dos seus valores patrimoniais, lingüísticos, históricos e ambientais por parte das nenas e nenos.	<ul style="list-style-type: none">• Nº de actividades levadas a cabo para dar a coñecer o territorio e os seus valores patrimoniais.
Coordínase cos diferentes axentes que interveñen coa infancia.	<ul style="list-style-type: none">• Nº de reunións de coordinación mantidas ao longo do ano.
Formar ó persoal voluntario que leva a cabo actividades con infancia.	<ul style="list-style-type: none">• Nº actividades de formación do voluntariado levadas a cabo.

ACTIVIDADES

- Encontros familiares: relacionados coa natureza e os saberes tradicionais, xuntanzas de educación infantil familiar, actividades *interxeneracionais* (magostos, entroido, festas populares,...) obradoiros de tecnoloxía familia, xuntanzas de educación infantil familiar, excursión pola zona mellorar o coñecemento e a súa posta en valor...
- Obradoiros de dereitos da infancia:, fomento de hábitos saudables, autoestima e valoración do propio, da igualdade de xénero, en colaboración cos centros educativos. Rede polo cambio da mirada educativa.
- Actividades educativas e culturais no medio rural en horario escolar e extraescolar. Excursións e viaxes culturais. Pobo escola.
- Reforzo escolar para nenos/as do medio rural e formación en novas tecnoloxías.



- Punto de atención individual e actividades específicas con nenos e nenas con necesidades educativas especiais no medio rural.
- Formación do voluntariado que traballe con infancia.

2) O NOSO ESPAZO

PROBLEMÁTICA

Das 29 nenas e nenos en idade escolar que hai en Cervantes hai varios que están solos no seu pobo e algúns que teñen veciñanza con outra nena ou neno pero de idade bastante dispar. O feito de que a infancia pase con persoas adultas a maioría do tempo fóra do ámbito escolar ten consecuencias nada desexables no seu desenvolvemento persoal e social. Non existe na zona ningún programa extraescolar que faga fronte a esta situación. É imprescindible, pois, ofrecerlles espazos pouco regrados nos que nenos e nenas interactúen con liberdade e creatividade e lles axuden a paliar a escaseza de tempo suficiente para o estudo, a baixa valoración de si mesmos e da súa cultura e as poucas posibilidades de realizar actividades conxuntas fóra do colexio.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN

Obxectivo	Indicador
Ofertar actividades educativas, culturais e de lecer as/os nenas/os que sofren exclusión territorial e/ou outros factores de exclusión social.	<ul style="list-style-type: none">• N^o de nenas/os ás/ós cales se lle ofertan actividades educativas, culturais, e de ocio e tempo de lecer no medio rural.
Promover actividades de colaboración coas escolas dos territorios.	<ul style="list-style-type: none">• N^o de escolas coas cales se colabora
Levar a cabo unha educación integral real e de calidade a través da transmisión de valores positivos.	<ul style="list-style-type: none">• % de persoas que se mostran satisfeitas na avaliación das actividades.
Fomentar a participación das nenas/os activamente nas comunidades nas cales intervimos e as relacións <i>interxeneracionais</i> .	<ul style="list-style-type: none">• N^o de actividades que fomentan a participación das nenas/os na comunidade.
Promover o coñecemento do territorio e dos seus valores patrimoniais,	<ul style="list-style-type: none">• N^o de actividades levadas a cabo para dar a coñecer o territorio e os seus valores patrimoniais.



c.d.r. ancares

lingüísticos, históricos e ambientais por parte das nenas e nenos.	
Coordinarse cos diferentes axentes que interveñen coa infancia.	<ul style="list-style-type: none">• N^o de reunións de coordinación mantidas ao longo do ano.
Formar ó persoal voluntario que leva a cabo actividades con infancia.	<ul style="list-style-type: none">• N^o actividades de formación do voluntariado levadas a cabo.

ACTIVIDADES

- Encontros familiares: relacionados coa natureza e os saberes tradicionais, xuntanzas de educación infantil familiar, actividades *interxeneracionais* (magostos, entroido, festas populares...) obradoiros de tecnoloxía familia, xuntanzas de educación infantil familiar, excursión pola zona mellorar o coñecemento e a súa posta en valor...
- Obradoiros de dereitos da infancia:, fomento de hábitos saudables, autoestima e valoración do propio, da igualdade de xénero, en colaboración cos centros educativos. Rede polo cambio da mirada educativa.
- Actividades educativas e culturais no medio rural en horario escolar e extraescolar. Excursións e viaxes culturais. Pobo escola.
- Reforzo escolar para nenos/as do medio rural e formación en novas tecnoloxías.
- Formación do voluntariado que traballe con infancia.